

capa de rodadura da pista de Novás a Sequeiros (parroquia de Mougás).

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ourense para acondicionamento do camiño estrada Sabadelle-O Val.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Padrenda para acondicionamento de levadas en San Pedro e Vilar.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Pastoriza para rehabilitación do teleclub de Bretoña para usos sociais da parroquia.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ramirás para tanque de auga en Escudeiros.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribeira de Piquín para mellora de camiño en Abidueira e outros.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilamarín para obras de mellora da capa de rodadura do camiño A Campina-A Seara.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para abastecemento de auga a Xustás e Rubiños (2ª fase).

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Santiago de Compostela para saneamento de augas residuais nos Abetos.

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Arbo para addenda á construción do camiño AR-7: gasoleira-Cabeiras.

Addenda ao modificado do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa para construción do camiño ao campo da festa de Cea e mellora da capa de rodadura do camiño rural de acceso ao núcleo de Guillán.

Addenda ao modificado do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Val do Dubra para mellora das infraestruturas rurais nas parroquias de Arabexo, Bembibre, Buxán, Couceiro, Erviñou, Niveiro, Paramos, Portomeiro, Portomouro, Rial, Vilar.

Addenda ao modificado do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Taboadela para Addenda modificado do saneamento e beirarrúas en Taboadela.

Addenda ao modificado do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carnota para actuación en vías rurais de Maceiras, Carballal e O Barreiro».

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 7 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura, e se procede a súa convocatoria para o ano 2008.*

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e no artigo 32 que corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, ten como un dos seus obxectivos a promoción do libro, o fomento da lectura e a normalización da presenza do libro en todos os sectores da sociedade así como o apoio ás agrupacións de lectores e clubs do libro.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte con esta orde quere establecer un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, de acordo cos criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao fomento da lectura por entidades e asociacións, consono o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. É obxecto desta orde fixar, para o exercicio de 2008, o réxime de concesión de subvencións en concorrencia competitiva, para fomentar a realización de programas ou actividades de promoción do hábito lector, en especial a creación e mantemento de clubs de lectura polas asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, que sexan solicitadas á

Consellería de Cultura e Deporte, conforme o procedemento que a continuación se establece.

2. En concreto, as actividades obxecto de subvención serán as seguintes:

Talleres de animación lectora, campañas de animación á lectura, concursos de lectores, clubs do libro, publicidade das actividades obxecto de subvención, adquisición de exemplares múltiples para o funcionamento dos clubs, gastos de persoal para dirección e coordinación das actividades e aluguer de servizos técnicos para a realización das actividades.

3. Pola súa vez, non se financian os seguintes gastos:

Obras en inmobles, adquisición de maquinaria e equipamento inventariable, gastos correntes de funcionamento da entidade. Adquisición de libros, excepto a adquisición de exemplares múltiples para o funcionamento de clubs de lectura.

4. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No desenvolvemento desta orde, observarase disposto nas seguintes leis e disposicións:

1º Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado.

3º Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.

4º Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega

E supletoriamente:

5º Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6º Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7º Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008, por un importe máximo de 158.560 € (cento cincuenta e oito mil cincocentos sesenta euros).

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións as asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros correspondentes e con domicilio social en Galicia.

2. Non poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas ou entidades que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Non poden acollerse ao previsto nesta orde as bibliotecas que forman parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; no entanto, poden acollerse os clubs de lectura inseridos nelas, se están constituídos consonte o previsto na primeira alínea deste artigo.

Artigo 4º.-*Presentación de solicitudes, prazo e documentación.*

1. Os que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante unha instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte segundo modelo que figura como anexo I, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

a) Fotocopia do NIF ou, de ser o caso, do CIF da entidade.

b) Declaración do solicitante das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas.

c) Memoria explicativa e detallada do programa ou actividades que se pretenden realizar, indicando o ámbito territorial e social destas, xustificando a súa necesidade e indicando os resultados previstos.

d) Breve memoria descritiva das actividades de fomento da lectura realizadas polo solicitante ata 2008.

e) Calendario de execución das actividades para as que se solicite axuda.

f) Orzamento desagregado e detallado do programa ou actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

3. As solicitudes poderán ser fotocopiadas das publicadas como anexo desta orde ou obterse na páxina da internet <http://culturaedeporte.xunta.es/>

4. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comporta a autorización á Consellería de Cultura e Deporte para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de atoparse ao día nas obrigas tributarias e fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Esta consulta farase de oficio e de forma telemática. No caso de que para o órgano instrutor non resultar posible a obtención da información, poderán requirirla directamente ao solicitante.

#### Artigo 5º.-*Emenda de solicitudes.*

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, considerárase como desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 6º.-*Instrución e selección das solicitudes.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A comisión avaliadora a que fai referencia o punto 4 do artigo 1º estará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: a subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural

b) Tres vogais: o xefe do Servizo de Bibliotecas, a xefa do Servizo de Promoción e Difusión Cultural e unha persoa vinculada laboralmente co ámbito da promoción da lectura

c) Un funcionario, que actuará como secretario.

3. A comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios:

a) Proxectos que teñan como finalidade a creación de clubs de lectura estables ou mantemento dos existentes: ata 10 puntos

b) Características orixinais e innovacións dos programas de promoción da lectura en galego e carácter único dos proxectos que contribúan ao aumento da lectura en galego: ata 10 puntos.

c) Carácter continuado e non ocasional da actividade: ata 5 puntos.

d) Potencial número de beneficiarias/os do programa ou actividade: ata 5 puntos.

e) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: ata 5 puntos.

f) Destinatarios sociais dos programas e niveis de ensino: ata 5 puntos.

4. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada.

5. No suposto de que algún beneficiario dos propostos non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa puntuación establecida.

#### Artigo 7º.-*Resolución.*

1. Á vista da proposta de resolución, a conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, de acordo co orzamento desagregado achegado pola entidade solicitante, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta.

2. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexitima o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. No caso de desestimación da solicitude, a parte interesada pode retirar a documentación no prazo de 30 días hábiles, a partir da data da desestimación.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

5. Consonte o artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorga-

das ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 8º.-*Importe máximo e distribución das subvencións.*

1. O importe máximo destas subvencións será de 10.000 € por beneficiario, e en ningún caso poderá superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados.

2. A distribución realizarase proporcionalmente ao orzamento das actividades programadas e á puntuación obtida na valoración da comisión.

Artigo 9º.-*Aceptación e xustificación.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produciise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

2. Os beneficiarios deben xustificar a totalidade do orzamento no prazo de 20 días hábiles, contados a partir da data de remate das actividades e, en todo caso, antes do 15 de novembro de 2008. Farano mediante a presentación das facturas e os xustificantes acreditativos de aboamento destas -orixinal e dúas copias-, xunto coa súa relación detallada, cunha memoria explicativa das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, así como dous exemplares da publicidade xerada.

Artigo 10º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións Galicia, e tamén ás específicas que figuran a seguir.

2. A actividade subvencionada con cargo a esta orde deberá contribuír á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolvevanse en galego.

3. Os beneficiarios, con anterioridade á súa celebración, deben comunicarlle á delegación provincial que corresponda, da Consellería de Cultura e Deporte, os días e horas das actividades subvencionadas. A delegación provincial poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

4. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural-utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Cumprirán, así mesmo, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

5. No momento de xustificar a execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

6. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 11º.-*Anulación e reintegro da axuda.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruírá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-*Modificación.*

Toda alteración das condicións en que se basease a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-*Recursos.*

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte



ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIONS PARA PROMOCIÓN DA LECTURA E CREACIÓN DE CLUBS DE LECTURA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>CD221E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

EMPRESA/ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

**E, na súa representación**

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	

**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**

TÍTULO DA OBRA	
AUTOR	
PREVISIÓN DE TIRAXE	PREZO DE VENDA AO PÚBLICO (IVE INCLUIDO)

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA NIF SOLICITANTE OU CIF ENTIDADE	<input type="checkbox"/> MEMORIA DE ACTIVIDADES DE 2007
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DAS SUBVENCIONS SOLICITADAS	<input type="checkbox"/> CALENDARIO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES
<input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROGRAMA OU ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN REALIZAR	<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO E DETALLADO

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 7 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais, para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.  
 - Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.  
 - Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado.  
 - Lei 16/2007, do 26 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.  
 - Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.  
 E supletoriamente:  
 - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 - Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.  
 - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
DATA DE ENTRADA
DATA DE EFECTOS
DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DAS AXUDAS.**

D./Dona  con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE(€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data de esta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non está incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste, ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)